

MEMORIA DA ADDENDA E PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO EN MATERIA DE RECADACIÓN EN VÍA EXECUTIVA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora da Axencia Tributaria de Galicia, DECLARA:

O Presidente da Axencia Tributaria de Galicia ten asignada, segundo o artigo 14 dos Estatutos, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia aprobado por Decreto 202/2012, de 18 de outubro, a subscrición, en nome da entidade que preside e nas materias que sexan competencia da Axencia, de convenios de colaboración con entidades públicas e privadas excluídos da lexislación de contratos do sector público.

Don Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor da Universidade de Vigo, en nome e representación da mesma, en virtude do disposto no Decreto 59/2018 do 31 de maio.

No marco do principio de colaboración mutua entre Administracións Públicas e conforme o principio de colaboración establecido no artigo 3.1 k da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ambas as partes asinaron o 13/03/2020. un convenio de colaboración entre a Axencia Tributaria de Galicia (en diante Atriga) e a Universidade de Vigo (en diante Universidade) para a recadación en vía executiva.

Que dado que a vixencia do Convenio subscrito o 13 de marzo de 2020 entre a Axencia Tributaria de Galicia e a Universidade de Vigo finaliza o 13 de marzo de 2024, resulta necesario proceder a dar novo tratamento ás relacións entre ambas.

Nestes intres ambas partes consideran prorrogar o convenio por un período de catro anos dende a firma deste acordo e modificar a cláusula cuarta reguladora do procedemento coa finalidade de axilizar a xestión recadatoria das débedas remitidas





pola Universidade de Vigo á Atriga de modo que non se poderá realizar o cargo daquelas débedas que se atopen suspendidas ou prescritas; das que reste un período inferior a tres meses para a súa prescrición; das correspondentes a debedores falecidos, e, das débedas concursais.

Así mesmo, modifícase a cláusula novena reguladora da vixencia do convenio para prever a posibilidade de que calquera das partes asinantes poda resolver o convenio con tres meses de preaviso sen necesidade de acordo unánime dos asinantes.

A presente addenda e prórroga subscriita entre a Atriga e a Universidade de Vigo en materia de recadación en vía executiva ten natureza administrativa e se rexe polo disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, correspondendo á xurisdición contencioso administrativa o coñecemento dos litixios que do mesmo puideran derivarse.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Documento asinado dixitalmente á marxe
A Directora da Axencia Tributaria de Galicia
M^a Victoria González Vázquez

